

O monstro

Chegou puntual e sentou na última mesa da cafetería, onde quedáramos. Traía canda ela un caderno pequeno cun faro debuxado na portada. Bicoume e sentou á présa, notábase que tiña algo que dicir.

-Xa rematei a carta para o concurso “*Dillo a quen maltrata*”- dixo satisfeita.

-Levouche moito tempo escribila?- pregunteille.

-Levoume dor- contestou logo de pensar un intre. Despois abriu o caderno, as maus nerviosas buscaban entre anotacións, debuxos e páxinas en branco, ata que deron coa páxina en cuestión. Puxo os lentes e comezou a ler:

Coñezo o medo dende ben nova,
dez anos tiña cando primeiro o sentín,
tivera outros medos, coma calquera nena
mais este é outro medo, este nunca o esquecín.

Resulta duro volver recordar,
pero esta é unha historia que preciso contar.
O meu medo ten voz, ten mans, ten cheiro,
ten ollos e suor, que cobren o corpo enteiro.
A voz lémbroa forte, é voz de adestrador,
en público é amable, todos escoitan arredor.
E cando todos marchan, eu agardo sempre,
nese vestiario baleiro, ata que a voz se presente.

Pídeme cousas estranas, que non quero escoitar,
despois cala e son as mans, as que empezan a falar.

O noxo apresúrase e nun intre invade,
o corpo miúdo dunha nena, que perdida se sabe.

Como escapar, dun monstro con poder,
como falar do inferno, sen nel volver caer.

Chegou entón o día, no que aquela porta se abriu
e quela muller, perplexa, o mesmo inferno viu.

Berrou forte, moi forte, mentres el cun portazo fuxía,
e alí seguía eu, absorta, sen saber o que acontecía.

Ela abrazoume forte, entón empecei a espertar,
dun pesadelo eterno, que parecía rematar.

O resto da historia, escribiuna o tempo,
e as persoas que te queren e te dan alento.

Mais hai algo que cambia, hai algo que nunca volver ser igual.

A mirada, a forma de ver o mundo,
queda marcada por sempre,
co pouso que deixa o inferno,
nos ollos dunha nena inocente.